

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/12/2021 8:04:13

SAIDA

18667/21

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 138/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 21 de setembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 21 de setembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante a Consellería de Sanidade, sobre os criterios de reparto entre as distintas unidades, categorías profesionais de garda ou que participan na súa quenda habitual, responsables de referencia nos diferentes servizos, encargados da organización dos recursos humanos e económicos, implicadas no transplante, hospitalización, unidades de coidados críticos, reanimación, quirófano...etc, no ámbito hospitalario da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) da Coruña.

A reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 28 de setembro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 1 de outubro de 2021.

Terceiro. Con data do 19 de novembro de 2021 a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a interesada presentou a súa solicitude ante a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña e Cee, de información sobre as partidas económicas destinadas ás categorías profesionais que colaboran nos transplantes o ámbito hospitalario da EOXI da Coruña, con expresa indicación do criterio de reparto e contías entre as distintas unidades implicadas e categorías profesionais que participan, relación das categorías que cobran mediante garda localizada no seu domicilio, ou participan no transplante na propia garda ou quenda habitual de traballo, e perciben unha remuneración a maiores da súa xornada, relación dos responsables de referencia nos diferentes servizos. Faise constar que a solicitude non tivo entrada nese órgano de dirección, e unha vez recibida a reclamación da Comisión da Transparencia de Galicia, solicitouse á Xerencia do Servizo Galego de Saúde informe relativo á solicitude de acceso.

Con data do 18 de novembro de 2021 a Xerencia remitiu informe da Subdirección de Calidade Asistencial da Área Sanitaria da Coruña e Cee e na mesma data, a Secretaría Xeral Técnica resolveu conceder o acceso á información a que se refire a solicitude.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública,

poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Sanidade resolveu a solicitude de acceso á información con data do 18 de novembro de 2021, transcorrido o prazo dun mes establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016 e cando a interesada tiña presentada a súa reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A interesada solicitou da Consellería de Sanidade acceso aos criterios de reparto entre as distintas unidades e categorías profesionais implicadas nos transplantes, hospitalización, unidades de coidados críticos, reanimación, quirófano, etc, no ámbito hospitalario da EOXI da Coruña.

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, resolveu con data do 18 de novembro de 2021, conceder acceso á información mediante a información remitida pola Subdirección de Calidade Asistencial da Área Sanitaria da Coruña e Cee na que lle informa que os criterios para a confección de nóminas dentro do Servizo Galego de Saúde están regulados por Orde anual da Consellería de Facenda e Administración Pública (para este exercicio a Orde do 8 de febreiro de 2021) pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para a que indica a data da súa publicación no DOG.

Sobre a relación de responsables de referencia nos distintos servizos, encargados da organización dos recursos humanos e económicos, indícaselle que a área sanitaria publica

anualmente na páxina web da área a memoria de actividade, a identificación dos responsables das unidades e servizos que a integran, e as partidas orzamentarias correspondentes. A memoria inclúe a actividade, os datos económicos e a relación de responsables médicos e de enfermería de cada GFH, incluíndo aqueles que realizan programas de transplante, que son os competentes para a organización asistencial das súas unidades e servizos. Indícaselle tamén que se publica unha memoria anual da OCT (Oficina de Coordinación de Transplantes) da que se indica o seu enlace.

Respecto dos criterios de asignación de contías e categorías correspondentes, dítanse por Resolución do Servizo Galego de Saúde do 15 de xaneiro de 2007, e son remitidas ás xerencias de área, con actualización anual segundo as leis de orzamentos da Comunidade Autónoma. De acordo co informe da subdirectora de Calidade Asistencial, as asignacións atópanse nunha resolución non dispoñible no D.O.G. e polo tanto que non é pública, polo que deixa a criterio da Comisión da Transparencia a pertinencia do seu acceso, constando no expediente remitido copia da resolución.

O criterio da Comisión da Transparencia, como non podería ser outro, é que cando se solicita información que ten o carácter de pública, por ser documentos ou contidos en poder dun suxeito obrigado, elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións, debe aportarse a información pedida, aínda que con carácter previo debe examinarse a mesma e, de forma motivada, realizar a disociación dos datos ou contidos parciais que podan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (art. 14.2 da referida Lei), ou concorra unha causa de inadmisión que estea debidamente xustificada, de acordo co disposto no artigo 18 da referida Lei.

Debe lembrárselle á Consellería de Sanidade, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, que o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 21 de setembro de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante a Consellería de Sanidade, sobre os criterios de reparto entre as distintas unidades, categorías profesionais de garda ou que participan na súa quenda habitual,

responsables de referencia nos diferentes servizos, encargados da organización dos recursos humanos e económicos, implicadas no transplante, hospitalización, unidades de coidados críticos, reanimación e quirófano, no ámbito hospitalario da EOXI da Coruña.

Segundo: Instar á Consellería de Sanidade a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada de acordo co fundamento quinto da presente resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Consellería de Sanidade, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío á reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.12.01 14:03:15 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.